

#deseñogalego
#materiotecadegalicia

@InnovaDeseno
@innova_con_deseno_galego



Workshop

MATERIAIS PARA O SECTOR SANITARIO

Xoves, **30 de novembro** de 2023. De 10:00 a 13:30 h.
CIS Tecnoloxía e Deseño, Ferrol



MATERIOTECA DE GALICIA

A sociedade actual prioriza a saúde e o benestar das persoas, mediante o emprego dunha asistencia sanitaria innovadora e comprometida coa calidade de vida.

A protección da saúde require enfrontarse a desafíos cada vez maiores, como consecuencia do envellecemento poboacional e da rápida difusión de virus e bacterias baixo os efectos da globalización e do cambio climático, principalmente.

Os novos materiais desempeñarán un papel esencial como facilitadores de futuras tecnoloxías sanitarias para previr, diagnosticar, controlar, tratar e curar enfermidades.

Neste workshop, axentes relevantes do sector darán a coñecer novas tecnoloxías baseadas no emprego de materiais avanzados que axudarán a obter dispositivos capaces de responder ás necesidades da medicina rexenerativa, o desenvolvemento de dispositivos de diagnóstico ou a hixienización de espazos sanitarios e públicos.

Esta xornada está deseñada especialmente para persoas vinculadas ao sector sanitario, pero tamén busca difundir entre o público xeral e profesionais de diversos ámbitos os avances en tecnoloxías e materiais e as súas posibles aplicacións á saúde e ao benestar.

10.00 - 10.10 h **Presentación do workshop**
Santiago Nieto. Materioteca de Galicia. Axencia Galega de Innovación

10.10 - 10.30 h **Impresión 3D intrahospitalaria: realidade e retos dos materiais utilizados nunha unidade 3D do Sistema Nacional de Saúde**
María Gloria Álvarez e Cristian Passera. Plataforma de Impresión 3D (SIMIM3D) do Servizo Galego de Saúde

10.30 - 10.50 h **Explorando o futuro: como os nanomateriais de carbono revolucionan o diagnóstico precoz**
Alejandro Criado. Grupo Nanoself da Universidade da Coruña (UDC)

10.50 - 11.10 h **Bioimpresión 3D de modelos de patoloxías**
Bárbara Blanco. Instituto de Materiais da Universidade de Santiago de Compostela (iMATUS -USC)

11.10 - 11.30 h **Pausa-café**

11.30 - 13.30 h **Novos materiais para o sector sanitario:**

- **Presentación e entrega a asistentes do informe sobre materiais innovadores para o sector sanitario.**
- **Taller sobre selección de 21 materiais e tecnoloxías.**
- **Dinámica en grupos para compartir retos e oportunidades e identificar posibles proxectos e colaboracións.**

Izaskun Eskubi e Iker Agirre. Materially

13.30 - 14.00 h **Aperitivo Networking e visita á Materioteca**